PARLAMENTO
DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 09/07/2019**

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. Mocións. .......... 3
3.1 10/MOC-000152 (0052050) .......... 3
(0052050) Entrada da iniciativa .......... 4
(0052336) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 5
(0052355) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 7
3.2 10/MOC-000153 (0052051) .......... 9
(0052051) Entrada da iniciativa .......... 10
(0052344) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 12
(0052352) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 14
3.3 10/MOC-000154 (0052057) .......... 16
(0052057) Entrada da iniciativa .......... 17
(0052343) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 20
(0052353) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 23
(0052356) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 25
4. Proposicións non de lei ante o pleno. .......... 27
4.1 10/PNP-003369 (0044961) .......... 27
(0044961) Entrada da iniciativa .......... 28
(0052218) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 32
4.2 10/PNP-003739 (0049349) .......... 34
(0049349) Entrada da iniciativa .......... 35
(0052346) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 38
(0052358) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 40
4.3 10/PNP-003788 (0050000) .......... 42
(0050000) Entrada da iniciativa .......... 43
(0052357) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 47
4.4 10/PNP-003849 (0051389) .......... 49
(0051389) Entrada da iniciativa .......... 50
(0052333) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 54
4.5 10/PNP-003850 (0051406) .......... 56
(0051406) Entrada da iniciativa .......... 57
(0052348) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 60
(0052351) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 61
4.6 10/PNP-003860 (0051541) .......... 63
(0051541) Entrada da iniciativa .......... 64
(0052341) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 67
(0052349) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 69
4.8 10/PNP-003894 (0051998) .......... 70
(0051998) Entrada da iniciativa .......... 71
(0052342) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 75
(0052347) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 78

PARLAMENTO DE GALICIA

**3. MOCIÓNS.**

**3.1 10/MOC-000152 (0052050)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller (moción a consecuencia da Interpelación nº 45948, publicada no BOPG nº 434, do 20.2.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052050) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2019 12:10:52
Nº Rexistro: 52050
Data envío: 28/06/2019 12:10:52.970

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 25 e 26 de xuño de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde da muller (10/INT-001520, doc. núm. 45948)

**Moción**

1) O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio inequívoco á Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo.

2) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver as accións necesarias para garantir o pleno cumprimento da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, tendo en conta a necesaria dotación de medios materiais e humanos que fosen necesarios.

Pazo do Parlamento, 28 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/06/2019 12:09:58**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2019 12:10:10**

CSV: REXISTRODWUWd4jWU9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052336) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 16:51:37
Nº Rexistro: 52336
Data envío: 08/07/2019 16:51:37.177

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Moción doc. núm. 52050, do Grupo Socialista de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde, incluída na orde do día da sesión plenaria do 9 de xullo de 2019. (10/MOC-000152).

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento da Lei Orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo e levar a cabo as seguinte medidas:

- Dotar o Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para poder levar a cabo en todas as provincias de Galicia e na súa totalidade o Plan de Atención Integral da Saúde da Muller.
- Solucionar a falta de matronas no Servizo Galego de Saúde, incorporando estas prazas nunha OPE, co obxectivo de cumprir coas ratios estipuladas pola OMS.
- Levar a cabo de xeito inmediato as actuacións necesarias para o cumprimento, na súa totalidade, da iniciativa sobre endometriose aprobada o 22 de abril de 2015 no Parlamento de Galicia.
- Garantir que a interrupción voluntaria do embarazo, poida ser realizada na Rede sanitaria pública.
- Manter una estrutura axeitada e con medios suficientes dos Centros de Orientación Familiar, para garantir os dereitos sexuais e reprodutivos da

CSV: REXISTROA17biyLS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 16:51:37
Nº Rexistro: 52336
Data envío: 08/07/2019 16:51:37.177

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

muller e o acceso á planificación familiar, así como a unha educación afectivo sexual axeitada.

- Levar a cabo un estudo para o financiamento de profilácticos tales como preservativos e cadrantes de látex, cunha campaña activa sobre o seu uso.
- Introducir nas diferentes etapas educativas, contidos curriculares en relación á educación afectivo sexual.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 08/07/2019 16:49:56**

**José Manuel Lago Peñas na data 08/07/2019 16:50:09**

CSV: REXISTROA17bIjyLS6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052355) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52355
Data envio: 08/07/2019 19:21:41.125

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro**,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 52050 (10/MOC-000152),** sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 9 e 10 de xullo de 2019.

**Emenda de adición:**

**Débese engadir o seguinte punto:**

"3) O Parlamento galego comprométese coa extensión da capacidade de outorgar consentimento para as interrupcións voluntarias do embarazo ás mulleres de 16 e 17 anos."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. Mixto

CSV: REXISTROVrJQqdJU09
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52355
Data envío: 08/07/2019 19:21:41.125

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 08/07/2019 19:16:20**

**Paula Vázquez Verao na data 08/07/2019 19:16:27**

CSV: REXISTROVrJQqdJU09
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**3.2 10/MOC-000153 (0052051)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego (moción a consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 458, do 09.4.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0052051) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2019 12:19:07
Nº Rexistro: 52051
Data envío: 28/06/2019 12:19:07.960

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 25 de xuño de 2019,, sobre a política do Goberno galego en relación co sector das artes escénicas (10/INT- 001623, doc. núm.48741).

**Moción**

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha, ca maior celeridade posible, unha mesa de diálogo cos representantes das artes escénicas co obxectivo de tratar os problemas que presenta o Centro Dramático Galego e buscar as solucións precisas.

Nesta mesa de diálogo serán tratados, cando menos, os temas seguintes:

- Estrutura xurídica do Centro Dramático Galego.
- Orzamentos do Centro Dramático Galego.
- Relacións cas compañías privadas (coproducións e residencias).
- Consolidación do Consello Asesor.
- Distribucións da producións do Centro Dramático Galego.
- Aumento de producións propias e incremento da contratación de interpretes.
- Procesos de selección de elencos.

Pazo do Parlamento, 28 de xullo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Social

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 28/06/2019 11:54:09**

**CSV**: REXISTRO1piyo7ux50
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2019 12:19:07
**Nº Rexistro: 52051**
Data envío: 28/06/2019 12:19:07.960

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2019 11:57:04**

CSV: REXISTRO1pyo7ux50
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

# (0052344) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:24:18
Nº Rexistro: 52344
Data envio: 08/07/2019 17:24:18.712

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **52051 [10/MOC-000153]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego (moción a consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 458, do 09.4.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 9 de xullo de 2019.

**Emenda de adición**

Engadir na parte resolutiva desde: "Nesta mesa de diálogo serán tratados, cando menos, os temas seguintes…", o seguinte texto:

"- Cumprimento da Disposición transitoria segunda da Lei 4/2008 de creación da AGADIC relativa á estrutura xurídica do CDG e demais unidades de produción adscritas á Axencia, así como a elaboración dun Estatuto do Centro Dramático Galego."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

CSV: REXISTROJ3Mqb74887
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:24:18
Nº Rexistro: 52344
Data envío: 08/07/2019 17:24:18.712

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/07/2019 16:59:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/07/2019 17:00:06**

CSV: REXISTROJ3Mqb74887
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# (0052352) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 18:01:13
Nº Rexistro: 52352
Data envío: 08/07/2019 18:01:13.366

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada María Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 52051 (10/MOC-000153) Sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego (Moción a consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 458, do 09.4.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

**Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a reiniciar a mesa de diálogo, creada no ano 2017, volvendo convocar as principais entidades do ámbito das artes escénicas (actores e actrices, compañías escénicas, dramaturgos, programadores, etc...) para tratar da situación actual do Centro Dramático Galego (CDG), e do papel dunha compañía pública de produción teatral no contexto da Galicia do século XXI, tendo en conta as opinións e valoracións do conxunto do sector cultural galego.

A partir das conclusións desta mesa de traballo, abordaranse decisións sobre a priorización na distribución de recursos orzamentarios entre os distintos ámbitos das artes escénicas galegas, os compromisos das administracións locais á hora de programar o CDG, as relacións co sector empresarial galego, os método de selección de elencos, etc...

Todo isto, contextualizado no cumprimento da legalidade vixente e na asignación dos recursos económicos dispoñibles."

CSV: REXISTRO-vTmszyZNP9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 18:01:13
Nº Rexistro: 52352
Data envío: 08/07/2019 18:01:13.366

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 08/07/2019 17:59:49**

**María Isabel Novo Fariña na data 08/07/2019 18:00:14**

CSV: REXISTRO-vTmszyZNP9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**3.3 10/MOC-000154 (0052057)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (moción a consecuencia da Interpelación nº 50774, publicada no BOPG nº 486, do 12.6.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052057) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2019 13:21:03
Nº Rexistro: 52057
Data envío: 28/06/2019 13:21:03.392

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **50774 (10/INT-001694)** debatida na sesión plenaria do 25 de xuño de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

**MOCIÓN:**

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Impulsar antes de que remate a lexislatura unha Lei de identidade de xénero atendendo ás propostas e reivindicacións do tecido asociativo, abrindo unha mesa de diálogo con estes para dita elaboración.

2. Realizar unha avaliación do incumprimento da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, e desenrolala para que se garantice o cumprimento de todos os seus artigos.

3. Reformular o Observatorio pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais para incorporar as achegas dos colectivos sociais e do tecido asociativo, co fin de que este sexa verdadeiramente útil e non un órgano con representación maioritaria da propia Xunta de Galicia.

4. Impulsar unha rede de recursos de información e apoio ás persoas LGTBI, modificando o decreto 130/2016 do 15 de Setembro, polo que se

CSV: REXISTRO6PwGKRJNn5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2019 13:21:03
Nº Rexistro: 52057
Data envío: 28/06/2019 13:21:03.392

GRUPO PARLAMENTAR en marea

establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, para que non teña que darse a atención nestes e se leve a cabo de maneira específica.

5. Avaliar o grao de implantación do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, e levar adiante medidas para o seu coñecemento, garantindo a súa aplicación co conxunto dos centros educativos.

6. Facilitar o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero, así como aos tratamentos que soliciten as persoas transxénero, eliminando a tutela e a aleatoriedade que existe na actualidade."

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 28/06/2019 13:19:33**

CSV: REXISTRO6PwGKRJNn5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2019 13:21:03
Nº Rexistro: 52057
Data envío: 28/06/2019 13:21:03.392

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**Antón Sánchez García na data 28/06/2019 13:20:08**

CSV: REXISTRO6PwGKRJNn5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052343) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:55
Nº Rexistro: 52343
Data envío: 08/07/2019 17:23:55.096

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **52057 [10/MOC-000154]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (moción a consecuencia da Interpelación nº 50774, publicada no BOPG nº 486, do 12.6.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 9 de xullo de 2019.

**Emenda de modificación**

Modificar os puntos 3, 4 e 6 que quedarían redactados da seguinte maneira:

"3. Introducir as modificacións oportunas no Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero para garantir unha composición equilibrada entre representantes da administración e do colectivo LGBTI así como para incorporar as achegas dos colectivos sociais e do tecido asociativo, co fin de que sexa un órgano verdadeiramente útil e participativo.

4. Dotar dos recursos económicos, humanos e materiais necesarios a rede de Centros Quérote+ como servizo de información e asesoramento en materia afectivo-sexual e de apoio das persoas LGBTI. Así mesmo, mudar o Decreto

CSV: REXISTRODBQsFMcO95
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:55
Nº Rexistro: 52343
Data envío: 08/07/2019 17:23:55.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

130/2016 do 15 de setembro, polo que se estabelecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos CIM de titularidade das entidades locais de Galiza, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, para que non teña que darse atención nestes e se leve a cabo de maneira específica.

6. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir ao Goberno español para que introduza as mudanzas necesarias na Lei 3/2007 de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas co obxectivo de garantir os dereitos das persoas transexuais menores de idade nesta materia."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/07/2019 16:59:19**

CSV: REXISTROD8QsFMcO95
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:55
**Nº Rexistro: 52343**
Data envío: 08/07/2019 17:23:55.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 08/07/2019 16:59:27**

**CSV:** REXISTROD8QsFMcO95
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0052353) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 18:13:49
Nº Rexistro: 52353
Data envío: 08/07/2019 18:13:49.005

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor Lopez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, (52057 (10/MOC-000154)) Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (moción a consecuencia da Interpelación nº 50774, publicada no BOPG nº 486, do 12.6.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

**Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Seguir a cumprir a disposición adicional da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, de información ao Parlamento tal e como se fixo no ano 2018.

2.- Continuar a promover a incorporación de novas entidades do movemento LGTBI ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, así como incorporar as súas achegas ao mesmo.

3.- Integrar nos sucesivos plans de formación do persoal dos CIM formación específica para dar un óptimo cumprimento ás competencias en materia de atención ás persoas LGTBI, que o Decreto 130/2016 lles permite exercer, contribuíndo así ao mantemento dunha rede profesionalizada e de ampla cobertura para a atención das persoas LGTBI en todo o territorio galego

4.- Facer seguimento da implantación do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, e levar adiante medidas para o seu coñecemento, garantindo a súa aplicación co conxunto dos centros educativos."

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROK1FIu5lDg9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**PARLAMENTO DE GALICIA**
**REXISTRO XERAL ENTRADA**
**Data asento: 08/07/2019 18:13:49**
**Nº Rexistro: 52353**
Data envío: 08/07/2019 18:13:49.005

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 08/07/2019 18:10:34**

**Gonzalo Trenor López na data 08/07/2019 18:12:28**

**CSV:** REXISTROk1Flu5IDg9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

# (0052356) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52356
Data envío: 08/07/2019 19:22:45.791

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro**,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, núm. 52057 (10/MOC-000154),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 9 e 10 de xullo de 2019.

**Emenda número 1 de adición:**

**Débese engadir ao remate do punto 6 a seguinte expresión:**

“, reforzando, neste eido, a Atención Primaria.”

**Emenda número 2 de adición:**

**Débese engadir un novo punto co seguinte texto:**

“7. Desenvolver o punto 12.3 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, mediante a elaboración dun estudo exhaustivo sobre a situación laboral das persoas LGTBI en Galiza antes de remate de 2019.”

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019.

CSV: REXISTROyc6Q6Q3Lb4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52356
Data envío: 08/07/2019 19:22:45.791

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 08/07/2019 19:19:04**

**Paula Vázquez Verao na data 08/07/2019 19:19:20**

CSV: REXISTROyc6Q6Q3Lb4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

### 4.1 10/PNP-003369 (0044961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

PARLAMENTO DE GALICIA

(0044961) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 16:54:05
Nº Rexistro: 44961
Data envío: 30/01/2019 16:54:05.025

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para a transferencia ao noso país das competencias para a xestión das bolsas de axuda ao estudo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o Parlamento ten aprobado –a instancias da iniciativa presentada polo Grupo parlamentar do BNG-- un acordo unánime referido ás demandas que debe realizar a Xunta de Galiza ao Goberno español co obxectivo de ampliar o marco competencial do noso país.

De maneira literal, o acordo di o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."



CSV: REXISTRO-XRLX7lbwH-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 16:54:05
Nº Rexistro: 44961
Data envío: 30/01/2019 16:54:05.025

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ámbito educativo o noso país non conta, até o de agora, coa competencia xestora das bolsas de axuda ao estudo que está a ser exercida polo Ministerio de Educación. Non acontece así en Catalunya a cuxo Govern lle foi transferida.

Cómpre lembrar que o artigo 31 do Estatuto de Galiza (1981) dispón que "é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía"

Galiza non só é competente e ten capacidade plena para xestionar calquera cuestión que afecte ás nosas vidas, neste caso, as bolsas de axuda ao estudo en todos os niveis, graos, modalidades e especialidades educativas, senón que a transferencia permitiría mellorar este investimento e garantir que se axusten á realidade e situación concreta da nosa poboación e noso territorio.

Así pois, de acordo co acontecido xa en Catalunya, a Xunta de Galiza debe reclamar esta competencia xunto cos recursos económicos necesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: REXISTRO-XRLX7lbwH-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 16:54:05
Nº Rexistro: 44961
Data envío: 30/01/2019 16:54:05.025

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamar ao Goberno do Estado a transferencia das competencias correspondentes á xestión das bolsas de axuda ao estudo así como os recursos económicos correspondentes a elas."

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2019 16:49:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2019 16:49:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2019 16:49:18**

CSV: REXISTRO-XRLX7bwH-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 16:54:05
Nº Rexistro: 44961
Data envío: 30/01/2019 16:54:05.025

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2019 16:49:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2019 16:49:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2019 16:49:23**

CSV: REXISTRO-XRLX7bwH-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0052218) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52218
Data envio: 03/07/2019 14:21:07.506

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** por iniciativa da deputada **Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 44961 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes, incluída na orde do día da sesión plenaria do 9 de xullo de 2019. (10/PNP-003369).

**Emenda de Adición**

Débense engadir á parte resolutiva os seguintes puntos:

1. Recuperar a convocatoria de bolsas propias de xeito inmediato.
2. Articular unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolvelos sen ser excluído por razóns económicas, tal e como establece a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Deputada do G.P. de En Marea
Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO9tL6hFa708
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52218
Data envío: 03/07/2019 14:21:07.506

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 03/07/2019 14:18:54**

**José Manuel Lago Peñas na data 03/07/2019 14:19:08**

CSV: REXISTRO9tL6hFa708
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.2 10/PNP-003739 (0049349)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol

PARLAMENTO DE GALICIA

(0049349) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 13:39:20
Nº Rexistro: 49349
Data envío: 23/04/2019 13:39:20.784

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, Marta Novoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

**Exposición de motivos:**

Navantia ten que ofrecer alternativas aos seus estaleiros de Ferrol-Fene para garantir carga de traballo a curto e medio prazo. Sen embargo, a realidade é que o contrato das fragatas F-110 xa se puido desbloquear hai dez meses polo actual Goberno do Estado, en lugar de agardar a un mes das eleccións, e que hai escasos días a empresa pública estatal adoptou a decisión de desviar a Cádiz traballo que estaba programado para Fene en relación co último pedido de eólica mariña.

Esta situación ten sido denunciada polo comité de empresa de Navantia Ferrol, advertindo que a partir do vindeiro ano e ata 2022, no que comece o corte de chapa para as fragatas F-110, haberá un bienio sen ocupación, que tamén afectará ás industrias auxiliares que traballan na factoría.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia entendemos que o Goberno do Estado ten que traballar para garantir o presente e o futuro de Navantia na comarca de Ferrolterra, un compromiso que pasa necesariamente por unha mellor planificación da

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROMi3e808Bk9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 13:39:20
Nº Rexistro: 49349
Data envío: 23/04/2019 13:39:20.784

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

carga de traballo, pola busca de novos pedidos, pola diversificación de produtos e mercados, e polo emprego de novas tecnoloxías.

De aí a importancia de que o Goberno comprometa os orzamentos precisos para a posta en marcha do Estaleiro 4.0, pero tamén de que leve a cabo novos proxectos que eviten a paralización dunha actividade estratéxica para Ferrol e a súa área de influenza, como podería ser a construción dun novo AOR para a Aramada Española.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle a programación inmediata de carga de traballo suficiente para os estaleiros de Navantia en Ferrol".

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/04/2019 13:37:07**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/04/2019 13:37:18**

**José Manuel Rey Varela na data 23/04/2019 13:37:26**

**Diego Calvo Pouso na data 23/04/2019 13:37:36**

**Marta Novoa Iglesias na data 23/04/2019 13:37:44**

**Moisés Blanco Paradelo na data 23/04/2019 13:37:51**

CSV: REXISTROMi3e808Bk9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 13:39:20
Nº Rexistro: 49349
Data envío: 23/04/2019 13:39:20.784

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Moisés Rodríguez Pérez na data 23/04/2019 13:37:58**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/04/2019 13:38:07**

**Maria Antón Vilasánchez na data 23/04/2019 13:38:13**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 23/04/2019 13:38:20**

CSV: REXISTROMi3e808Bk9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0052346) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:42:20
Nº Rexistro: 52346
Data envío: 08/07/2019 17:42:20.003

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol (doc. núm. 49349).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Dirixirse ao Goberno central para lle solicitar que continúe o seu labor de apoio a Navantia e, moi especialmente, na procura de novos pedidos e encargos no mercado internacional, co obxecto de garantir a suficiente carga de traballo para o estaleiro de Ferrol.

2º. Que no ámbito das súas competencias e en colaboración con Navantia desenvolva un plan con dotación orzamentaria suficiente e un calendario de actuacións, no que se contemple:

a) Promover a formación de novas incorporacións ao estaleiro, así como a formación FP Dual.

b) Promover a coordinación entre a empresa principal e as empresas auxiliares para os plans formativos.

c) Desenvolvemento do Centro de Innovación e Servizos (CIS A Cabana, Ferrol) asociado ao naval.

Pazo do Parlamento, 8 de xullo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/07/2019 16:39:38**

CSV: REXISTROdvJHmNC5i5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:42:20
Nº Rexistro: 52346
Data envío: 08/07/2019 17:42:20.003

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/07/2019 16:39:51**

CSV: REXISTROdvJHmNC5i5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0052358) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52358
Data envío: 08/07/2019 19:24:53.738

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei do Grupo Popular número 49349 (10/PNP-003739)** sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol, incluída na orde do día da sesión plenaria do 9 e 10 de xullo de 2019.

**Emenda de engádega:**

Débese engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

"2.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Ministerio de Industria e á dirección da SEPI a súa inclusión no Consello de Administración de Navantia.

3.- Desenvolver tódalas iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia.

4.- Esixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo igual a das baixas.

5.- Instar á dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.

CSV: REXISTROUiXggH5LY8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52358
Data envío: 08/07/2019 19:24:53.738

6.- Acelerar na Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Ferrol, estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial, o desenvolvemento do estaleiro 4.0 e a competitividade do estaleiro.

7.- Instar ao Goberno a aportar información do finanzamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.

8.- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada en todas as reunións e negociacións que se desenvolvan para dar cumprimento aos anteriores puntos."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Deputado do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 08/07/2019 19:20:12**

**Luis Villares Naveira na data 08/07/2019 19:20:25**

CSV: REXISTROUiXgqH5LY8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**4.3 10/PNP-003788 (0050000)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada

PARLAMENTO DE GALICIA

(0050000) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:50:39
Nº Rexistro: 50000
Data envío: 16/05/2019 17:50:39.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas. Vemos polo tanto como a Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa abultadas listas de espera.

CSV: REXISTRO-Cgf6bbDJ9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:50:39
Nº Rexistro: 50000
Data envío: 16/05/2019 17:50:39.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público, impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a non pechar unidades de hospitalización, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal para non proceder ao peche de camas nos centros hospitalarios do Sergas.

Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos disponíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

Rematar de inmediato coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios

CSV: REXISTRO-Cgf6bbDJ9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:50:39
**Nº Rexistro: 50000**
Data envío: 16/05/2019 17:50:39.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

Restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

Presentar no Parlamento galego, no prazo máximo de dous meses, un informe coas derivacións realizadas polo Sergas á centros privados nos últimos cinco anos, desglosadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas."

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-jCgf6bbDJ9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:50:39
Nº Rexistro: 50000
Data envío: 16/05/2019 17:50:39.396

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:40:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:40:43**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:40:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:40:46**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:40:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:40:48**

CSV: REXISTRO-Cgf6bbDJ9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052357) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52357
Data envio: 08/07/2019 19:24:06.218

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro**,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición** á **Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) núm. 50000 (10/PNP-003788),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 9 e 10 de xullo de 2019.

**Emenda de adición.**

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"- Trasladar ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo de 3 meses, un informe sobre as camas e recursos sanitarios pechados no verán 2019, así como os informes detallados que xustificaren ditos peches."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira,
Voceiro do G.P. Mixto.

CSV: REXISTRO6EwWG3VmA5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52357
Data envío: 08/07/2019 19:24:06.218

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/07/2019 19:18:00**

**Luis Villares Naveira na data 08/07/2019 19:18:09**

CSV: REXISTRO6EwWG3VmA5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**4.4 10/PNP-003849 (0051389)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0051389) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 12:59:25
Nº Rexistro: 51389
Data envío: 12/06/2019 12:59:25.532

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

A recentemente aprobada Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, marca entre as súas prioridades a de mellorar a axilización e xestión dos expedientes que forman parte do patrimonio cultural galego.

Chama a atención que precisamente sexa a propia Xunta de Galicia a que tolere que un Servizo Provincial de Patrimonio, en concreto o da provincia de Pontevedra, veña a restrinxir as consultas das persoas promotoras, técnicas ou representantes de institucións que queiran xestionar un expediente afectado por Patrimonio no propio servizo.

Neste momento toda consulta dirixida a este Servizo Provincial en Pontevedra ten que facerse por escrito, segundo unha instancia restrinxida a un folio, que limita a capacidade da consulta, e máxime cando estamos a falar de expedientes no que moitas veces a dúbida debe ser acompañada de imaxes ou documentos que ilustren a consulta.

Consultas que o que pretenden maiormente é dirixir mellor e de forma máis efectiva a redacción dos proxectos e propostas de rehabilitación que se presentan neste servizo, e evitar as demoras que supoñen os informes negativos e comunicación de subsanación de deficiencias, que poden supoñer meses ou incluso anos de incremento nas tramitacións.

Non parece razoable que se dificulte deste modo a xestión e correcta información, e que se faga ademais nun dos catro servizos provinciais, cunha clara

CSV: REXISTRO-Jnyhgxt49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 12:59:25
Nº Rexistro: 51389
Data envío: 12/06/2019 12:59:25.532

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

discriminación no trato dos pontevedreses e pontevedresas neste caso e respecto ó resto dos galegos e galegas.

O problema deste Servizo Provincial de Patrimonio Cultural de Pontevedra vén de lonxe, acumulando diferentes problemas no tempo, especialmente de medios e recursos e de tempos de tramitación que se alongan incluso anos no tempo. A aprobación da recente lei, que ven a descargar, aparentemente de carga de traballo a estes servizos, debera supoñer a mellora de todos os servizos, e polo tanto tamén o da atención , algo que neste caso pontevedrés non se está a dar.

Na práctica os servizos provinciais de Lugo, Ourense e A Coruña si están atendendo tanto presencial como incluso telefonicamente as dúbidas das persoas promotoras, técnicas e representantes das institucións, algo que permite que se resolvan dúbidas que en moitos casos vai a determinar a presentación de proxectos que conlevan moita documentación e polo tanto tamén custos. Axilizalos no posible e facilitar a mellor das informacións debera ser unha obriga inescusable para unha administración que debera velar por facilitar a protección, rehabilitación e reconstrución do patrimonio cultural e non tanto dificultalo poñendo máis trabas administrativas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que no prazo máximo de dous meses se adopten as medidas necesarias para que en todos os Servizos Provinciais de Patrimonio Cultural dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se asegure:

- A atención e resolución de dúbidas das persoas promotoras, técnicas ou representantes institucionais, tanto presencial como telefonicamente, co fin de favorecer a transparencia, axilización e efectividade dos proxectos tramitados no servizo.

CSV: REXISTRO-Jvyngxt49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 12:59:25
Nº Rexistro: 51389
Data envío: 12/06/2019 12:59:25.532

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

– A dotación de medios e recursos humanos suficientes en cada un dos servizos provinciais que permitan a correcta atención así como a mellora e equiparación dos tempos de tramitación dos expedientes.

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 12/06/2019 12:53:24**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/06/2019 12:53:36**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 12/06/2019 12:53:47**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2019 12:54:02**

CSV: REXISTROJnyingxt49
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 12:59:25
Nº Rexistro: 51389
Data envío: 12/06/2019 12:59:25.532

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2019 12:54:12**

CSV: REXISTRO-Jnyngxt49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052333) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52333
Data envío: 08/07/2019 16:12:49.828

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 51389, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, relativa ás actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural, incluída na orde do día da sesión plenaria do 9 de 2019. (10/PNP-003849).

EMENDA N º 1 DE MODIFICACIÓN.

Débese substituír o texto do primeiro apartado da parte resolutiva polo seguinte:

- Que non se contraten servizos externos para facer un traballo de carácter funcionarial que debe ser desenvolvido por persoal dos Servizos Provinciais de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, con suficiencia técnica, capacidade e independencia.

EMENDA Nº 2 DE MODIFICACIÓN

Débese substituír o texto do segundo apartado da parte resolutiva polo seguinte:

-A creación das prazas necesarias de arquitectos/as e arqueólogos/as -e a súa cobertura urxente-, para desenvolver os informes e traballos de

CSV: REXISTROFGJeVDmJC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52333
Data envío: 08/07/2019 16:12:49.828

GRUPO PARLAMENTAR en marea

patrimonio cultural".

EMENDA Nº 3 DE ADICIÓN

Débese engadir ao final da parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

- Realizar un estudo de cargas de traballo e necesidades da dirección xeral de Patrimonio.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Deputada do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/07/2019 16:07:09**

**José Manuel Lago Peñas na data 08/07/2019 16:07:30**

CSV: REXISTROFGJeVDmJC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**4.5 10/PNP-003850 (0051406)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Julia Torregrosa Sañudo
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda

PARLAMENTO DE GALICIA

(0051406) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 16:51:49
Nº Rexistro: 51406
Data envío: 12/06/2019 16:51:49.694

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Fai tempo que vimos lamentando o incremento abusivo dos alugueres. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta –elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda– son arrepiantes. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31% na Coruña, un 27% en Vigo, un 15,3% en Santiago e un 21,5% en Pontevedra. Así, non é de estrañar que moitas familias teñan que renunciar a servizos básicos, como a calefacción en inverno ou unha dieta saudable, para facer fronte ao aumento dos pagos da vivenda.

A subida dos prezos afecta principalmente aos menores de 35 anos, que en moitos casos non contan con recursos suficientes nin para adquirir unha vivenda nin para pagar os alugueres.

Segundo os datos que publica trimestralmente o Ministerio de Fomento, os prezos dos inmobles que están á venta tamén se están incrementando notablemente. Levan xa catro anos de ascenso continuado.

Na cidade da Coruña, o prezo medio do metro cadrado é de máis de 1.600 euros. Durante o último ano, experimentou un ascenso do 6%, ao igual que outras cidades do eixo atlántico como Compostela, Vigo e Oleiros. En Compostela, o

CSV: REXISTROV6mQcgS047
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 16:51:49
Nº Rexistro: 51406
Data envío: 12/06/2019 16:51:49.694

GRUPO PARLAMENTAR en marea

prezo do metro cadrado achégase tamén aos 1.600; Vigo está preto dos 1.500 e Oleiros supera os 1.300.

As dúas localidades que sufriron unha maior subida do prezo son Ourense (13%) e Culleredo (11%), cuxos prezos superan os 1.200 euros por metro cadrado.

A situación é aínda máis preocupante se o que temos en conta son os prezos da vivenda nova. O prezo da vivenda nova na cidade da Coruña subiu un 8,5% e na cidade de Vigo un 16,5%.

Portugal tamén experimentou nos últimos anos un alarmante incremento do prezo dos alugueres, pero, a diferencia do que acontece no noso país, o seu Goberno decidiu adoptar medidas ao respecto. A partir do 1 de xullo, no país veciño entrará en vigor unha nova normativa que limitará os arrendamentos, impoñendo topes en función da zona do país e do tamaño do inmoble. Con esta medida, o custe dun aluguer en Portugal será a metade do custe dun aluguer en Galicia.

En España, Podemos tentou que se limitase o prezo dos alugueres, sobre todo naquelas zonas que sofren unha maior tensión por mor do turismo, pero a medida foi desestimada polo anterior Goberno do Estado. Cómpre que o novo Goberno central reconsidere a cuestión e adopte inmediatamente medidas para garantir o dereito constitucional á vivenda.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: REXISTROV6mQcgS047
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2019 16:51:49
Nº Rexistro: 51406
Data envío: 12/06/2019 16:51:49.694

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que limite o prezo dos alugueres atendendo ás características da zona e ás propiedades dos inmobles.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Voceiro s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 12/06/2019 16:43:50**

**Marcos Cal Ogando na data 12/06/2019 16:44:11**

**Antón Sánchez García na data 12/06/2019 16:44:30**

CSV: REXISTROV6mQcgS047
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052348) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:43:05
Nº Rexistro: 52348
Data envío: 08/07/2019 17:43:05.966

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda (10/PNP-003850, doc. núm. 51406)

**Emenda de modificación**

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar coa máxima urxencia o aumento do parque público de vivenda e resto de medidas que faciliten o acceso á vivenda a prezos alcanzables, apostando firmemente polo réxime de alugueiro."

Pazo do Parlamento, 08 de xullo de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 08/07/2019 16:40:21**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/07/2019 16:40:34**

CSV: REXISTROhPiMgLvix5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052351) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:59:14
Nº Rexistro: 52351
Data envío: 08/07/2019 17:59:14.496

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **51406 [10/PNP-003850]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 9 de xullo de 2019.

**Emenda de adición**

Engadir o seguinte texto:

"Ademais, insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado a supresión das medidas que favorecen a especulación e o incremento do prezo da vivenda, e nomeadamente a derrogar a normativa relativa ás socimis.

Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a promover un banco de vivenda pública para aluguer social en colaboración cos concellos mediante a promoción de vivenda pública e a mobilización da vivenda baleira, principalmente aquela que é obxecto de movementos especulativos por ser propiedade da SAREB, da banca e de fondos voitre."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

CSV: REXISTROoQFScSiCQ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:59:14
Nº Rexistro: 52351
Data envío: 08/07/2019 17:59:14.496

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/07/2019 17:57:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/07/2019 17:57:33**

CSV: REXISTROoQFScSiCQ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**4.6 10/PNP-003860 (0051541)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas

PARLAMENTO DE GALICIA

(0051541) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 17:51:54
Nº Rexistro: 51541
Data envío: 13/06/2019 17:51:54.706

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** para garantir a independencia da Xunta de Galicia dos grupos de presión que promulgan o maltrato animal como espectáculo público.

Exposición de motivos

A Enquisa sobre Hábitos e Prácticas Culturais que publica de xeito relativamente regular o Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, pouco sospeitoso de "antitaurinismo", evidencia que no período 2014-2015, o último en estudo, tan só o 0,3% da cidadanía galega declara asistir a un evento tauromáquico, dos que o 0,2% corresponden ás touradas propiamente ditas e o 0,1% restante a outros actos de carácter taurino.

Esta evidente falta de interese pola tauromaquia contrasta co apoio que vén prestando a Xunta de Galicia, ben elaborando unha Lei de Espectáculos Públicos que impide a decisión dos Concellos de autorizar ou non os mal chamados festexos taurinos, ben coa presenza de representantes políticos e institucionais en espazos como a praza de touros de Pontevedra, ou mesmo rexedores en prazas portátiles de Valga ou Triacastela, como se viu nestes últimos anos.

Se non fora polo soporte institucional e polos subsidios que reciben os promotores destes espectáculos de crueldade, as touradas non terían espazo algún no territorio galego, polo que é básico que a Xunta de Galicia garde unha posición de rexeitamento claro ao maltrato animal disfrazado de "espectáculo

CSV: REXISTROeDYUpfRuG3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 17:51:54
Nº Rexistro: 51541
Data envío: 13/06/2019 17:51:54.706

GRUPO PARLAMENTAR en marea

artístico" ou como se inventou o PP nunha Lei estatal baixo a etiqueta do "Patrimonio Cultural Inmaterial", unha figura que non foi quen de expoñer na UNESCO para evitar un auténtico ridículo internacional, onde o propio Comité dos Dereitos do Neno e da Nena ten advertido ao executivo español sobre a presenza e participación de persoas menores de idade en eventos tauromáquicos, sen que se tomara medida algunha ata o momento para aceptar a recomendación deste órgano composto por expertos independentes de recoñecido prestixio.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rexeitar os convites de asistencia a eventos tauromáquicos, non participando dos mesmos ningún membro do Goberno no chamado Palco de Autoridades adoptando a postura maioritaria da cidadanía galega.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTROeDYUpfRuG3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 17:51:54
Nº Rexistro: 51541
Data envío: 13/06/2019 17:51:54.706

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2019 17:35:42**

**Marcos Cal Ogando na data 13/06/2019 17:35:55**

**Francisco Casal Vidal na data 13/06/2019 17:36:08**

**Luis Villares Naveira na data 13/06/2019 17:36:43**

CSV: REXISTROeDYUpfRuG3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052341) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:23
Nº Rexistro: 52341
Data envío: 08/07/2019 17:23:23.778

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **51541 [10/PNP-003860]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 9 de xullo de 2019.

**Emenda de adición**

Engadir o seguinte texto:

"Ademais, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a promover unha lei que prohiba as touradas por ser un espectáculo de maltrato animal e alleo á tradición cultural galega.

Asemade, o Parlamento acorda como resolución manifestar o rexeitamento das touradas e dirixirse ao goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Congreso para que promovan unha lei que prohiba as touradas."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO37sN65j23
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:23
Nº Rexistro: 52341
Data envío: 08/07/2019 17:23:23.778

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/07/2019 16:40:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/07/2019 16:40:54**

CSV: REXISTRO37sN65fj23
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052349) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:43:28
Nº Rexistro: 52349
Data envío: 08/07/2019 17:43:28.367

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas (10/PNP-003860, doc. núm. 51541)

**Emenda de modificación**

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a non subvencionar ningún tipo de evento tauromáquico, non apoialo nin participar na súa promoción e/ou no seu desenvolvemento, rexeitando así a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades cando poidan ocasionarlles danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural."

Pazo do Parlamento, 08 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/07/2019 16:41:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/07/2019 16:41:19**

CSV: REXISTRO-X5nty8cm8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**4.8 10/PNP-003894 (0051998)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Guadalupe Murillo Solís
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jackeline Elizabeth Fernández Macías
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Beatriz Mato Otero
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Rey Varela
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano 2019 (procedemento de urxencia)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0051998) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 51998
Data envío: 27/06/2019 13:26:45.531

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Guadalupe Murillo Solís, Marta Nóvoa Iglesias, Jackeline Fernández Macías, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Mª Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López, Marta Rodríguez Arias** e **Miguel Tellado Filgueira,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión, de cara á conformación do vindeiro escenario orzamentario.

**Exposición de motivos**

A prolongada situación de interinidade que está a producirse no Goberno de España, condicionado por un calendario electoral prolongado e a interesada subordinación da posta en marcha do proceso de investidura ao desenvolvemento de diferentes acordos partidistas para a conformación dos gobernos autonómicos e municipais, está a afectar gravemente ás relacións entre a administración central e a xunta de Galicia.

O Goberno socialista en funcións , tras unha frenética e inusual actividade normativa na etapa preelectoral, na que impulsou a aprobación de numerosos decretos lei cunha clara finalidade electoralista, pero da que se excluíu atender ás xustificadas demandas de gobernos que, como o galego están en pleno exercicio das días funcións, está a provocar un deterioro das relacións de que desde a lealdade institucional deben presidir a cooperación entre administracións.

Abondan os exemplos da falla de lealdade do Goberno socialista con Galicia nos últimos tempos, e abranguen un amplo abano de materias. Desde a non aprobación do Estatuto para as empresas electrointensivas, que pode ocasionar o peche de varias empresas en Galicia, pasando pola falla de información en ámbitos nos que se acadaran acordos para o seguimento conxunto de obras de especial transcendencia,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROJZTS7CSJ1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 13:26:45
Nº Rexistro: 51998
Data envío: 27/06/2019 13:26:45.531

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

como as do AVE, e que inclúe a desatención a peticións unanimemente apoiadas polo parlamento de Galicia, como as referidas, no ámbito das transferencias, ao traspaso da AP9, ou, no ámbito da memoria histórica, á devolución ao patrimonio público do Pazo de Meirás.

A lamentable ausencia de vontade política que está a demostrar o Goberno de Pedro Sánchez en relación coas prioridades de acción demandadas pola xunta e o parlamento de Galicia é especialmente preocupante no ámbito financeiro.

A peche do primeiro semestre de 2019, a Administración do Estado mantén unha serie de impagos á Comunidade Autónoma de Galicia sobre cantidades comprometidas para este exercicio 2019 e/ou con respaldo legal, cantidades que aínda non foron percibidas pola Xunta de Galicia.

Esta situación, que se está prolongando pola parálise dun Goberno en funcións que aínda non sabemos cando tentará ser investido logo de dous meses desde que se celebraron as eleccións xerais, e se poderá ser elixido polo Parlamento, está xerando incerteza e preocupación, pois a Xunta de Galicia non pode contar cuns ingresos lexítimos para cubrir as prioridades dos galegos e das galegas.

Polo seu volume, esta débeda con Galicia pon en risco o equilibrio financeiro da Comunidade Autónoma e de manterse, mesmo obrigaría á Xunta de Galicia a estudar a adopción de medidas de restrición de gasto.

As cantidades pendentes de percibir ascenden a 700 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:

- Actualización das entregas a conta do exercicio 2019: 330 millóns
- Devolución da mensualidade do IVE do exercicio 2017: 200 millóns
- Incentivo a CC.AA. cumpridoras: 170 millóns

Hai que ter en conta que destes 700 millóns de euros, máis da metade (530 millóns) son cantidades incluídas nos Orzamentos da Xunta para 2019, e polo tanto o feito de non ingresalas ao longo do presente exercicio suporía un grave quebranto para a Comunidade Autónoma.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

CSV: REXISTRO-uZTS7CSJf1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 13:26:45
**Nº Rexistro: 51998**
Data envío: 27/06/2019 13:26:45.531

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ante o Goberno Central que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Comunidade Autónoma de Galicia os 700 millóns de euros comprometidos para 2019 e que aínda adebeda, repartidos do seguinte xeito:

- Actualización das entregas a conta do exercicio do ano 2019 por importe de 330 millóns de euros.
- Devolución da mensualidade do IVE do exercicio de 2017 por importe de 200 millóns de euros.
- E incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018, por un importe global de 170 millóns de euros".

Santiago de Compostela 27 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/06/2019 13:20:33**

**Paula Prado Del Río na data 27/06/2019 13:21:10**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 27/06/2019 13:21:36**

**Marta Novoa Iglesias na data 27/06/2019 13:21:55**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 27/06/2019 13:22:17**

**Alberto Pazos Couñago na data 27/06/2019 13:22:28**

**María Isabel Novo Fariña na data 27/06/2019 13:22:44**

**Beatriz Mato Otero na data 27/06/2019 13:22:55**



CSV: REXISTROuZTS7CSJf1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 13:26:45
**Nº Rexistro: 51998**
Data envío: 27/06/2019 13:26:45.531

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**José Manuel Rey Varela na data 27/06/2019 13:23:16**

**Jacobo Moreira Ferro na data 27/06/2019 13:23:36**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 27/06/2019 13:23:49**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/06/2019 13:24:04**

**Gonzalo Trenor López na data 27/06/2019 13:24:26**

**Marta Rodriguez Arias na data 27/06/2019 13:24:40**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/06/2019 13:25:02**

**CSV:** REXISTROuZTS7CSJf1
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0052342) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 52342
Data envio: 08/07/2019 17:23:43.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **51998 [10/PNP-003894]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 9 de xullo de 2019.

**Emenda de substitución**

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galiza a demandar ante o Goberno Central que desenvolva as actuacións precisas para levar a cabo as seguintes cuestións:

- Que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Comunidade a actualización das entregas a conta do exercicio do ano 2019 por importe de 330 millóns de euros.

- Que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Comunidade a devolución da mensualidade do IVE do exercicio de 2017 por importe de 200 millóns de euros.

- Pagamento dos 188 millóns de euros que o Estado adebeda en concepto de financiamento da Lei de dependencia.

CSV: REXISTROZwYdxN1t8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 52342
Data envío: 08/07/2019 17:23:43.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A negociación dun Plan de Investimentos para compensar Galiza polos máis de 1.000 millóns de euros que deixou de executar o goberno central durante o período de Rajoy de cara a garantir os compromisos pendentes, nomeadamente canto a infraestruturas básicas viarias e ferroviarias.

- Incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018, por un importe global de 170 millóns de euros.

- Derrogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional exprés de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e das administracións locais.

- A inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade."

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/07/2019 17:03:12**

CSV: REXISTROZwYdxN1t8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:23:43
Nº Rexistro: 52342
Data envio: 08/07/2019 17:23:43.523

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 08/07/2019 17:03:22**

CSV: REXISTROZwYdxN1t8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0052347) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:42:42
Nº Rexistro: 52347
Data envío: 08/07/2019 17:42:42.553

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros prometidos para o ano. **(10/PNC-003894) doc. 51998.**

**Emenda de modificación**

"1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España que se constitúa unha vez elixido presidente do Goberno polo Congreso dos Deputados:

- Que impulse, a través dos instrumentos legais oportunos, a modificación do Regulamento do IVE (RD 1624/19992, de 29 de decembro, art. 71.4, modificado polo RD 1075/2017), para que con vixencia indefinida a declaración-liquidación correspondente ao mes de novembro sexa presentada nos 20 primeiros días naturais do mes de decembro.

- Que impulse, mediante os instrumentos legais oportunos, unha solución para que as CCAA perciban, no exercicio 2019, a mensualidade do IVE correspondente á declaración-liquidación de 2017, que en Galicia ascende a 198 millóns de euros.

- Que impulse, mediante os instrumentos legais oportunos, unha solución para que as entregas a conta por IRPF, IVE e Impostos Especiais ás comunidades autónomas non se vexan afectadas á baixa pola prórroga orzamentaria para 2019, o que supón para Galicia 331,93 millóns de euros

CSV: REXISTROoeCWDthsF6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/07/2019 17:42:42
Nº Rexistro: 52347
Data envío: 08/07/2019 17:42:42.553

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

2. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España que se constitúa unha vez elixido presidente do Goberno polo Congreso dos Deputados para que proceda a impulsar os trámites necesarios no Consello de Política Fiscal e Financeira e a AIREF para regular a aplicación dos incentivos previstos na disposición adicional 151ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Pazo do Parlamento, 08 de xullo de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/07/2019 16:39:14**

**CSV**: REXISTROoeCWDthsF6
**Verificación**:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/